

**GESTIÓN ENERGÉTICA DE GALICIA, S.A.
EXERCICIO 1997**

**INFORME DE FISCALIZACIÓN DO CONSELLO DE CONTAS
DE GALICIA**

CONTIDO DESTE INFORME

PÁXINA

- INFORME DE FISCALIZACIÓN ELABORADO POLO CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA CORRESPONDENTE ÁS CONTAS ANUAIS QUE SE XUNTAN.....
5

- CONTAS ANUAIS DO EXERCICIO 1997 CORRIXIDAS COS AXUSTES E RECLASIFICACIÓNS PROPOSTOS POLO CONSELLO DE CONTAS..... 27

- CONTAS ANUAIS FORMULADAS POR **GESTIÓN ENERGÉTICA DE GALICIA, S.A.** CORRESPONDENTES Ó EXERCICIO ANUAL REMATADO O 31.12.97..... 31

**INFORME DE FISCALIZACIÓN ELABORADO POLO CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA
CORRESPONDENTE ÁS CONTAS ANUAIS QUE SE XUNTAN**

ÍNDICE

PÁXINA

I.	INTRODUCCIÓN.....	9
II.	OBXECTIVOS, ALCANCE E LIMITACIÓNS	9
III.	CONTROL INTERNO.....	9
IV.	ORZAMENTO E ACTIVIDADE.....	10
	IV.1. Obxecto social.....	10
	IV.2. Planificación e orzamentación.....	10
	IV.3. Actividade da sociedade.....	11
	IV.4. Participación en capital e proxectos enerxéticos.....	15
V.	ANÁLISE DA ÁREA DE GASTOS.....	16
	V.1. Gastos de persoal.....	16
	V.2. Contratación de bens e servicios.....	17
VI.	ANÁLISE DOS ESTADOS FINANCEIROS.....	17
	VI.1. Balance de situación.....	17
	VI.2. Perdas e ganancias.....	18
	VI.3. Revisión posterior ó peche do exercicio.....	19
VII.	CONCLUSIÓNS.....	20
VIII.	MEMORANDO DE RECOMENDACIÓNS.....	21

I. INTRODUCCIÓN.

O pleno do Consello de Contas, por acordo do 23 de decembro de 1998, aprobou o programa anual de traballo para o ano 1999. Contemplábase, a iniciativa do propio Consello, a fiscalización selectiva da sociedade Gestión Energética de Galicia, S.A. As directrices técnicas ás que debía suxeitarse a fiscalización foron incluídas no programa aprobado polo pleno.

Gestenga, S.A. constituíuse como sociedade mercantil de titularidade pública en marzo de 1983, cun capital social de 10.575.000 pesetas, que non experimentou modificación desde o inicio. Mantéñense na actualidade os mesmos accionistas e idénticas porcentaxes de participación. Xunta de Galicia e Sodiga, S.A. ostentan cada unha un 42,5%, mentres que Caixa Galicia, Caixa Pontevedra e Caixavigo posúen un 5% cada unha. Ó estar Sodiga participada nun 66% con fondos públicos, dedúcese a presenza maioritaria das administracións públicas no capital social de Gestenga, S.A.

O seu obxecto social, consistente inicialmente na realización de actuacións relacionadas coa xestión e racionalización do consumo de enerxía, así como as actividades de enxeñería relacionadas coas mesmas, foi ampliándose á fin de adecualo ás novas realidades económicas e medioambientais, de entre as que destacan a xestión medioambiental, e a promoción do aproveitamento dos recursos enerxéticos renovables.

II. OBXECTIVOS, ALCANCE E LIMITACIÓNS.

Obxectivos e alcance.

Constitúe o obxectivo do presente informe a realización dunha fiscalización de cumprimento e financeira, coa finalidade de comprobar o seguimento das disposicións legais e regulamentarias a que está sometida, verificando o

cumprimento daquela normativa que se estimou relevante para emitir un xuízo sobre o mesmo. Ademais comprobouse a adecuación dos estados contables da sociedade ós principios e criterios de aplicación ós mesmos, para emitir unha opinión sobre a fiabilidade da información que subministran estes estados, intentando obter unha seguridade razoable acerca de se a contabilidade en xeral e os demais estados financeiros expresan fielmente o resultado da xestión e a súa adecuada realidade patrimonial.

Como obxectivos específicos, na análise da actividade, considerouse relevante a identificación do entorno no que opera Gestenga, S.A.; a verificación de se as súas actividades se axustan ó seu obxecto social; se estas son propias do mercado ou deben quedar na esfera da administración pública; e, por último, se se desenvolven nun réxime de competencia, ou, polo contrario, a súa cota de mercado queda asegurada pola tutela administrativa que recibe.

Limitacións.

Gestenga, S.A. elaborou e remitiu en agosto de 1996 á Dirección xeral de orzamentos un documento denominado plano operativo anual para 1997, que contiña os orzamentos de capital e de explotación. A pesar da súa presentación, a ausencia dun programa de actuación, investimentos e financiamento (PAIF) que especifique os obxectivos concretos da sociedade e de indicadores que permitan realizar o seu seguimento, dificultan a posibilidade de que a fiscalización se pronuncie sobre o seu grao de cumprimento.

Non atopamos un inventario do inmovilizado da sociedade nin as facturas dos bens adquiridos entre a data de inicio da actividade e o 31 de decembro de 1994. En consecuencia, non se puido obter evidencia xustificativa da súa correcta valoración contable, tanto do custo como das amortizacións efectuadas.

III. CONTROL INTERNO.

O control interno da actividade económico-financieira das sociedades públicas autonómicas está atribuído á Intervención xeral da Comunidade Autónoma, segundo dispón a Lei 11/1992, de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Por Resolución do 4 de setembro de 1998 da Consellería de Economía e Facenda convocouse a contratación de asistencias técnicas que tiñan por obxecto a realización de determinadas revisións de control financeiro correspondentes ás actividades desenvolvidas por determinadas entidades da Comunidade Autónoma durante o exercicio 1997, entre as que figura Gestenga, S.A. Solicitado o correspondente informe sobre os resultados desta revisión, e unha vez examinado, cómpre realizar as seguintes consideracións:

Trátase dunha revisión de control financeiro das áreas de ingresos, debedores e procedementos de contratación (excepto persoal), na que se empregaron técnicas de auditoría, pero non constitúe unha auditoría financeira das contas anuais axustada á Lei 19/1988, do 12 de xullo, de auditoría de contas e demais normativa aplicable.

Esta asistencia técnica contratada pola intervención xeral recaeu sobre Álvarez e asociados, S.L., que é a mesma firma que realizou con anterioridade a auditoría financeira de Gestenga, S.A. É dicir, trátase de servizos de consultoría contratados pola Intervención xeral, e sometidos ó réxime contractual previsto na Lei 13/1995, de contratos das administracións públicas. Este feito é susceptible de afectar á independencia esixible ós auditores no desenvolvemento da súa actividade pola posibilidade de producirse situacións de conflitos de interese.

O control financeiro limitouse a verificar os procedementos de contabilidade e as medidas do control interno nas dúas primeiras áreas. Respecto ós procedementos de contratación, que non incluían a área de persoal, o alcance limitouse a comprobar que os mesmos se rexen pola normativa mercantil, pero sen determinar se os procedementos garanten o cumprimento dos principios aplicables na contratación das sociedades públicas.

En consecuencia, esta revisión limitada de control financeiro non pode ser considerada unha

auditoría das sinaladas na Lei 11/1992, de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

IV. ORZAMENTO E ACTIVIDADE.

IV.1. Obxecto social.

A sociedade Gestenga, S.A. nace ó amparo do “Convenio de colaboración técnica e de desenvolvemento de programas para a conservación e aforro de enerxías” subscrito entre o Centro de Estudos da Enerxía, de ámbito estatal, e a Consellería de Industria e Comercio da Xunta de Galicia, para coordinar actuacións conxuntas en materias referentes á conservación e aforro de enerxía, así como a utilización de enerxías renovables.

O obxecto social da sociedade, trala modificación dos seus estatutos en maio de 1997, está constituído polo fomento e desenvolvemento de actividades de aproveitamento enerxético e, en particular, a elaboración de estudos e proxectos relacionados co sector, a promoción do aproveitamento dos recursos renovables e o desenvolvemento de programas de asesoramento e auditoría enerxéticos. É dicir, as funcións iniciais consistentes en prestación de servizos de enxeñería no campo da enerxía, foron ampliadas a actividades de fomento nese mesmo ámbito.

Un feito posterior ó exercicio fiscalizado destacable é a creación, por parte da Consellería de Industria e Comercio, do Instituto Enerxético de Galicia, creado para o fomento, impulso e a realización de iniciativas e programas de desenvolvemento das tecnoloxías enerxéticas, coa fin de optimizalos.

A análise dos fins do Instituto recién creado, comparado co obxecto social da sociedade, reflicte unha identidade de funcións que pon de manifesto unha duplicidade administrativa de entidades, promovidas e tuteladas pola administración, para a execución dos mesmos fins.

A asunción, por este novo ente, de funcións ata agora encomendadas á sociedade, arroxa incerteza sobre a orientación que no futuro tomará Gestenga, S.A. na política enerxética da Xunta de Galicia.

IV.2. Planificación e orzamentación.

A sociedade presenta un anteproxecto de orzamento que contén unha previsión dos ingresos e gastos estimados para 1997, e os investimentos a realizar. Tal proxecto, foi aprobado polo Parlamento de Galicia mediante Lei 11/1996, de 30 de decembro.

Do exame do orzamento aprobado para 1997, detéctanse as seguintes desviacións:

a) Con respecto ó orzamento de explotación.

- Ingresos.

CONCEPTO	PREVISTO	REALIZADO
Vendas netas	220.000.000	274.500.000
Xuros	3.000.000	1.500.000
Outros (subvencións)	--	26.500.000
	223.000.000	302.500.000

Os ingresos finais do exercicio incrementáronse aproximadamente en 80.000.000 de pesetas, o que supuxo un desfase á alza de máis do 35% con relación as previsións iniciais.

- Gastos.

CONCEPTO	PREVISTO	REALIZADO
Aprovisionamentos	52.000.000	94.000.000
Gastos persoal	68.000.000	77.000.000
Amortizacións	5.000.000	9.500.000
Servicios exteriores	35.000.000	43.000.000
Gastos extraordinarios	--	5.500.000
Imposto beneficios	20.000.000	26.000.000
	180.000.000	255.000.000
Beneficio do exercicio	43.000.000	47.500.000

Os gastos realizados foron superiores en 75.000.000 de pesetas ós previstos. Este incremento debeuse principalmente ó aumento da actividade, que tivo o seu reflexo, sobre todo, na partida de "aprovisionamentos" pois case duplicou o gasto anual previsto.

b) Con respecto ó orzamento de capital.

CONCEPTO	PREVISTO	REALIZADO
Inmovilizado material	6.000.000	3.000.000
Inmovilizado inmaterial	--	150.000
Inmovilizado financeiro	--	10.000.000
Variación fondo manobra	42.000.000	43.850.000
Total:	48.000.000	57.000.000

O aumento dos investimentos é consecuencia da compra por 10.000.000 de pesetas de accións de Sotavento, S.A., sociedade promotora do parque eólico situado en Monfero-As Pontes.

O plano operativo anual para 1997, limitábase a establecer como obxectivo prioritario seguir coas liñas de actuación xa iniciadas, e continuar cunha presenza moi activa no campo das enerxías renovables.

A ausencia de obxectivos concretos, así como a falta de indicadores e estratexias de futuro, non permite constatar a eficacia e eficiencia da actividade da sociedade. A falta de información impide ós responsables da sociedade a toma de decisións que permitan corrixir no transcurso do exercicio as desviacións producidas.

Non atopamos autorización da Consellería de Economía e Facenda, que permitise incrementar os gastos de persoal e investimentos financeiros habidos no exercicio, tal e como establece o artigo 83 da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia.

Ademais, o artigo 11 da Lei 11/96 de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1997, dispón que a masa salarial dos entes e organismos non poderá experimentar ningún crecemento con respecto ó ano 1996.

IV.3. Actividade da sociedade.

IV.3.1. Proxectos de execución de parques eólicos.

A actividade principal da sociedade no exercicio auditado, consistiu en distintas actuacións no campo da enerxía eólica, tales como realizacións de proxectos de execución e estudos medioambientais, prestación de servicios técnicos para a construción dos parques eólicos, e a supervisión e dirección facultativa das obras.

En 1997, Gestenga, S.A. tiña en curso un total de 50 proxectos, ingresando por este concepto 222.527 miles de pesetas, case o dobre do exercicio anterior, o que supón o 81,1% da súa cifra de negocios.

A realización destes traballos efectúase en base á aceptación polas distintas empresas, das ofertas enviadas previamente por Gestenga, S.A. a petición destas, sendo os principais clientes (importe en miles de pesetas):

EMPRESA	SEDE	IMPORTE
Made Enerxías renovables	Madrid	74.739
Ineuropa eólica del Xistral	Lugo	36.393
Gamesa promoción eólica	Vitoria	24.650
Toyo West España	Santiago	19.480
Unión Fenosa, S.A.	A Coruña	17.900
Easa (enerxías ambientais)	A Coruña	13.860
Eurofomento, S.L.	Santiago	11.860
Total:		198.882

A case totalidade dos parques eólicos en funcionamento na Comunidade Autónoma de Galicia, e os que se encontran en construción foron asesorados por Gestenga, S.A. e relaciónanse a continuación:

PARQUES EÓLICOS EN FUNCIONAMIENTO xullo, 1999

PROMOTOR	PARQUE EÓLICO	CONCELLO	INICIO ACTIVIDADE
GAMESA	Coriscada	Ortigueira	1997
	Muras	Muras	1998
EUROVENTO	Paxareiras I	Carnota	1997
	Paxareiras II	Carnota	1997
	Vicedo	O Vicedo	1998
MADE	Estaca de Bares	Ortigueira	1990
	Capelada	Cedeira	1997
	Capelada II	Cedeira	1998
	Barbanza	Porto do Son	1997
	Barbanza II	Pobra do Caramiñal	1998
	Bustelo	Muras	1998
	San Xoan	Muras-As Pontes	1998
UNIÓN FENOSA ENERGÍAS ESPECIAIS	Cabo Vilán	Camariñas	1991
DESA	Zas	Zas-Santa Comba	1998
PEMALSA	Malpica	Malpica	1997

Nota: GAMESA: Empresa de orixe Vasco-Navarro
 EUROVENTO: Empresa de orixe americano
 MADE: Empresa participada maioritariamente por Endesa
 DESA: Empresa participada maioritariamente polo grupo Abengoa
 PEMALSA: Empresa participada pola Xunta de Galicia, Fenosa e Ecotécnia

PARQUES EÓLICOS EN CONSTRUCCIÓN xullo, 1999

PROMOTOR	PARQUE EÓLICO	CONCELLO	DATA PREVISTA INICIO ACTIVIDADE
GAMESA	Serra do Cando Seiro Cando	Forcarei “	Agosto 99 Agosto 99
MADE	Carba	Vilalba	Outubro 99
UNIÓN FENOSA ENERGÍAS ESPECIAIS	Careón	Palas de Rei	Marzo 2000
DESA	Corme	Ponteceso	Setembro 99
INEUROPA	Soán Cuadramón Nordés	Muras-Ourol “ “	Decembro 99
IBERDROLA EASA	Monte da Serra	Somozas	Decembro 99
NORTANK	Os Corvos Coucepenido	Cedeira Ortigueira	Agosto 99 Decembro 99

Nota: INEUROPA: Empresa pertencente ó grupo Entrecanales e Tábora
IBERDROLA EASA: Empresa pertencente ó grupo Ginés Navarro
NORTANK: Empresa de orixe danés.

Do exame da actividade de Gestenga, S.A. no deseño e construción dos distintos parques eólicos, estimamos que, se ben nun principio estaba xustificada a participación da sociedade na implantación desta enerxía renovable, na actualidade esta actividade convírtuse en fundamental e ademais xa está en fase de explotación comercial. A intervención da sociedade consiste na realización de distintos traballos de enxeñería, contratados con empresas privadas do sector enerxético, previamente autorizadas pola Consellería de Industria para a explotación desta fonte de enerxía renovable.

Ademais, mediante convenio de colaboración entre Gestenga, S.A. e a Consellería de Industria realiza actividades cualificadas como de coordinación e control dos planes eólicos estratéxicos aprobados pola Consellería de Industria, así como de coordinación de actuacións en relación coa conexión dos mesmos á rede eléctrica, polo que percibe determinadas cantidades como contraprestación por estes servizos.

A creación de empresas públicas para fins empresariais é legalmente posible, pero está suxeita a que a súa actividade sexa de indubidable interese público apreciable e apreciado no momento da súa creación, así como que no exercicio da súa actividade empresarial, se someta ás mesmas regras de libre competencia que rexen no mercado sen privilexios directos ou indirectos.

IV.3.2. Coxeneración de Biomasa.

A sociedade participou no aproveitamento da biomasa forestal como fonte de enerxía renovable, en dous proxectos: na dirección de obra do proxecto de coxeneración de Allariz, e no estudo e localización doutra área que fixera viable a implantación de centrais de xeración de electricidade a partir da fitomasa residual.

- Gestenga, S.A. elaborou o proxecto de execución da central termoeléctrica de Allariz, xestionou os

distintos permisos para a súa construción, posta en marcha e explotación, a través do oportuno contrato con Allarluz, S.A., empresa creada para a explotación de dita central, e cuxa composición accionarial é a seguinte:

ENTIDADE	IMPORTE	%
Concello de Allariz	106.000.000	45,9
Sodiga	30.000.000	13,0
Engasa	15.000.000	6,5
Idae	20.000.000	8,6
Unión Fenosa	30.000.000	13,0
Endesa	30.000.000	13,0
Total:	231.000.000	100,0

A utilización da biomasa forestal con fins enerxéticos, nace en Galicia, como unha iniciativa do concello de Allariz, co fin de rendibilizar a limpeza dos montes contando coa colaboración da Consellería de Industria e Comercio.

A actividade consiste no aproveitamento dos residuos forestais e de residuos industriais (serríns, cortezas) para a súa combustión e transformación en enerxía eléctrica.

Como empresa dedicada ó acopio da biomasa, créase Medial, S.A., sociedade de propiedade municipal, cun cadro de persoal de 18 traballadores. Ten asinado un convenio coa Consellería de Medio Ambiente, que incorpora a subvención das actividades de recollida de residuos.

As dúas empresas posúen unha vinculación contractual pola que Medial, S.A. vese obrigada a subministrar a Allarluz, S.A. 16.000 toneladas de residuos ó ano a un prezo de 2 pesetas-kilogramo.

- Gestenga, S.A. colaborou, en unión doutras empresas, na realización dun estudio para a localización doutras áreas xeográficas onde fora viable a implantación doutras centrais. Subcontratouse parcialmente cunha empresa externa, actuando Gestenga, S.A. como cabeceira do contrato.

Endesa e Gestenga, S.A. participan con 4.000.000 de pesetas cada unha, mentres que Unión Fenosa o fai con 2.000.000 de pesetas e Engasa con 500.000 pesetas. Á súa vez, o Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía

participa sen aportación dineraria, coa realización do plano de negocio.

IV.3.3. Aforro enerxético.

A sociedade ven realizando desde a súa creación, distintas auditorías en instalacións municipais galegas, coa finalidade de mellorar a eficacia enerxética das mesmas e proponendo medidas ó fin de establecer un plano de aforro ordenado en relación ó período de amortización das instalacións.

Estas auditorías son preceptivas para acceder ás axudas que concede a Consellería de Industria e Comercio ás distintas entidades locais co obxectivo de subsanar as carencias existentes e mellorar as actuais infraestructuras eléctricas.

Os concellos solicitan o servizo de Gestenga, S.A., presentando con posterioridade o estudio á Consellería, quen subvenciona o 50% do mesmo, e ata un máximo da metade dos investimentos executados.

Esta actividade constituíu a principal fonte de ingresos da sociedade nos seus primeiros anos de funcionamento. Debido ó elevado índice de morosidade, provocou apelar a fortes endebedamentos necesarios para a continuidade das súas operacións. Estas actuacións desenvólvense nun contexto de privilexio no que a Consellería de Industria subvenciona ó Concello a demanda duns servizos que son propios do obxecto social de Gestenga, S.A.

IV.3.4. Outras actividades.

A sociedade participou na instalación e posta en funcionamento de distintas plantas de coxeneración de enerxía, elaborando os anteproxectos das mesmas, e a asistencia técnica e dirección de obras.

Esta actividade representou nos exercicios 1995 e 1996 a súa maior fonte de ingresos, reducíndose paulativamente, ó diminuír a demanda a Gestenga, S.A. como consecuencia da aparición no mercado de empresas privadas de enxeñería ofertando estes servizos.

Tamén, prestou servicios de xerencia ó Parque Eólico de Malpica, S.A., desde xaneiro de 1995 ata xuño de 1997, como consecuencia do contrato asinado pola sociedade e o presidente do consello de administración do parque eólico, que é á súa vez vocal do consello de administración de Gestenga, S.A.

Tal prestación de servicios de xerencia, non figura no obxecto social, e supón unha confusión entre as actividades das dúas empresas, máxime se temos en conta que o presidente dunha é vocal do consello de administración da outra.

IV.3.5. Asesoramento á Consellería de Industria.

Ademais da realización dos distintos proxectos e auditorías enerxéticas, a sociedade prestou servicios á Consellería de Industria e Comercio da Xunta de Galicia, a través dun convenio asinado en marzo de 1997, consistente na:

- a) Coordinación dun estudio para a localización dunha planta de aproveitamento enerxético da fitomasa en Galicia.
- b) Coordinación e control dos planos eólicos estratéxicos aprobados pola Consellería de Industria e Comercio.
- c) Coordinación de actuacións en relación coa conexión de parques eólicos á rede.
- d) Análise técnica de proxectos de carácter enerxético, presentados á Consellería de Industria e Comercio da Xunta de Galicia.
- e) Análise de participación e a difusión no ámbito galego dos programas comunitarios de carácter enerxético.

Por estos servicios, a Consellería aboa a Gestenga, S.A. un total de 11.400.000 pesetas.

Consideramos que as funcións de coordinación e control son propias do ámbito da administración pública, debendo ser exercidas directamente pola Consellería de Industria, que as ten legalmente atribuídas, coas prerrogativas

propias da administración, e non a través dunha sociedade anónima.

Ademais, no obxecto do convenio, existen encargos de asistencias técnicas que propiamente son contratos de prestación de servicios e que polo tanto deberían concretarse conforme ás regras da Lei de contratos das administracións públicas.

IV.4. Participacións en capital e proxectos enerxéticos.

En xullo de 1999, data de redacción do presente informe, ademais de continuar coas actividades xa mencionadas, Gestenga, S.A. participa nas seguintes:

IV.4.1. Proxectos europeos.

- ALTENER.

Está previsto que no sur de Irlanda, no country Cork, se proceda á construción de varios parques eólicos similares ós xa existentes na nosa comunidade. Gestenga, S.A. participa en distintas tarefas de asesoramento dos mesmos. Por este traballo a sociedade percibirá 10.000 euros.

- SAVE II.

Tamén participa en tarefas de asesoramento para a creación dunha Axencia da Enerxía Renovable nas provincias de Biella (Italia) e Vale do Ave (Portugal). Por este traballo percibirá 15.000 euros.

- RECITE II.

Programa no que participa a comarca da Mariña occidental galega, outras extremeñas e outras do resto de Europa coa fin de intercambiar experiencias centradas no ecoturismo, xestión forestal e promoción da bioenerxía. O orzamento total é de 300.000.000 de pesetas e Gestenga, S.A. actúa no ámbito da mellora a longo prazo da xestión dos bosques.

IV.4.2. Participación en capital.

- A sociedade é accionista de Sotavento Galicia, S.A. creada en xullo de 1997 cun capital social de 100.000.000 de pesetas, dos que Gestenga, S.A. participa cun 10% (10.000.000 de pesetas), segundo acordo do consello de administración de 17.06.97.

- Como consecuencia dos seus excedentes líquidos, aprobou participar nun 3% do capital de distintos parques eólicos, actuando tamén como prestamista nalgúns deles, a través de débeda subordinada (xuros do 5%).

PARQUE	SITUACIÓN	IMPORTE INVESTIDO
Industrias Careon	Palas de Rei- Melide	9.800.000
Monte da Serra	Somozas	15.000.000
Paxareiras	Muros	(*) 14.500.000
Total:		39.300.000

* Só capital.

Socios:

- Sociedad para el Desarrollo Industrial de Galicia, S.A. (SODIGA)	20.500.000
- Instituto para la diversificación y ahorro de la energía, S.A. (IDAE)	20.500.000
- Empresa nacional de electricidad y energías renovables, S.A. (ENDESAR)	18.000.000
- Unión Fenosa Energías especiales, S.A. (UFEE)	18.000.000
- Gestión Energética de Galicia, S.A. (GESTENGA)	10.000.000
- Unión Iberoamericana de promociones industriales y comerciales, S.A. (UIPICSA)	8.000.000
- Energía de Galicia, S.A. (ENGASA)	5.000.000
Total:	100.000.000

O proxecto Sotavento Galicia, S.A. con maioría de capital público (51%), nace coa pretensión de ser un gran parque eólico oficial, que sen perder o obxectivo fundamental da rendibilidade, serva como referencia no sector da enerxía eólica. Atópase situado entre A Coruña (concellos de Monfero e As Pontes) e Lugo (Xermade).

Na actualidade obxenta a súa presidencia o titular da Dirección xeral de industria. A Gestenga, S.A. adxudícanlle a xestión, a análise do recurso eólico, os proxectos de execución e os estudos medioambientais do parque eólico por 32.300.000 pesetas.

A participación de Gestenga, S.A. no accionariado de empresas autorizadas para a explotación de parques eólicos non nos parece adecuada por canto non está contemplada no seu obxecto social. Son outros organismos públicos os que na súa actividade de fomento establecida na súa normativa de creación teñen a función de participar no accionariado de sociedades.

Outra actividade que pode ser considerada como unha axuda pública é a concesión de préstamos que está realizando baixo a modalidade de débeda subordinada. Tampouco esta é unha actividade recoñecida nos seus estatutos nin o réxime de concesión utilizado pola sociedade se suxeita ós principios que deben rexir estas axudas.

V. ANÁLISE DA ÁREA DE GASTOS.

V.1. Gastos de persoal.

No exercicio 1997, o cadro de persoal de Gestenga, S.A. compoñían un total de 18 traballadores con contrato laboral, nove fixos e outros nove eventuais, e un a maiores cedido por unha empresa de traballo temporal. O custo total das súas retribucións ascendeu a 76.937 miles de pesetas brutas, cunha media de 4.275 miles de pesetas por traballador.

Da análise do procedemento de selección do persoal de Gestenga, S.A. detéctase que, aínda que se publican as prazas a cubrir nun diario de difusión rexional, non se constitúe comisión

algunha de selección que vele pola aplicación dos principios de igualdade e obxectividade no trato ós aspirantes, constituíndo unicamente unha entrevista persoal a proba decisoria da selección. Procedemento que non garante o cumprimento destes principios. Esta situación vese agravada, se cabe, ó adquirir a condición de contrato indefinido de maneira directa, parte do persoal seleccionado.

En relación coas modalidades de contratación utilizadas, unha vez analizados os expedientes seleccionados relativos á categoría de enxeñeiros superiores que na actualidade figuran ligados á sociedade mediante un contrato eventual, advírtese unha utilización abusiva desta fórmula ó utilizar a sociedade distintos tipos de contratos referidos ó mesmo traballador e con idéntico obxecto. En abril de 1996 contrátase a dous enxeñeiros superiores baixo a modalidade de contrato de obra, sen especificar con precisión e claridade o carácter da contratación, e sen identificar suficientemente a obra e o servizo que constitúe o seu obxecto. Con posterioridade, contrátaselles por lanzamento de nova actividade, permanecendo prorrogados ditos contratos ata a data, o que supón unha relación contractual dos mesmos con Gestenga, S.A. de maneira continuada e superior ós tres anos. Conlevando, ademais dunhas condicións de precariedade para os traballadores nunha sociedade tutelada pola Administración, problemas de distinto alcance no suposto de eventuais reclamacións polos traballadores.

Os servizos prestados baixo a modalidade de posta a disposición, por empresas de traballo temporal, non obedecen a unha necesidade temporal da empresa, senón para atender tarefas técnicas propias da actividade de Gestenga, S.A. Para as funcións desempeñadas polas que se demanda o servizo non está acreditada a súa natureza temporal.

V.2. Contratación de bens e servizos.

Os importes máis significativos na área de gastos en bens e servizos son os seguintes:

- Consumos de explotación.

CONCEPTO	IMPORTE 31.12.97
Compra mercadorías	12.383.000
Outros aprovisionamentos	3.242.000
Traballo realizados por outras empresas	88.305.000
	Total: 103.930.000
Variación existencias	(10.458.000)
	Total consumos explotación: 93.472.000

- Servizos exteriores.

CONCEPTO	IMPORTE 31.12.97
Arrendamentos e cánones	4.168.000
Reparación e conservación	1.526.000
Servizos profesionais independentes	21.142.000
Primas seguros	867.000
Publicidade e propaganda	2.038.000
Subministros	1.430.000
Outros servizos (gastos, viaxes, hoteis...)	11.260.000
Outros tributos	341.000
	Total servizos exteriores: 42.772.000

Dos catro expedientes seleccionados, que representan o 50% do consumo de explotación, obsérvase que as adxudicacións dos contratos decídense ou ben polo Consello de Administración (así se desprende do contido das actas) ou ben pola xerencia, non sendo froito de ofertas escritas posteriores á publicidade de licitación, senón que se deben ás indagacións que realiza no mercado o equipo da xerencia. Esta actuación non pode suplir a concorrência a que se debe someter a contratación no sector público, en función ó importe contratado. A ausencia de publicidade e libre concorrência non garante que as condicións e prezos contratados se acomoden ós de mercado, e polo tanto, que as operacións realizadas respondan a criterios de economía.

VI. ANÁLISE DOS ESTADOS FINANCEIROS.

As contas anuais da sociedade correspondentes ó exercicio 1997, que comprenden o balance de situación, a conta de perdas e ganancias e a memoria, foron auditadas por Álvarez e asociados, S.L., expresando unha opinión favorable sen salvidades.

A fiscalización realizada por este Consello de Contas, abarca unha auditoría financeira dos seus estados contables anuais, significando como limitación, a seguinte:

Non podemos opinar sobre se o importe que reflicten os saldos das contas do inmovilizado correspóndense co valor real dos bens alí descritos debido á inexistencia dun inventario detallado e valorado do período comprendido entre a data de inicio da actividade de Gestenga, S.A. e o 31 de decembro de 1994.

Examinadas as contas, as incidencias detectadas son as seguintes:

VI.1. Balance de situación.

Da análise das súas contas ponse de manifesto que:

VI.1.1. A sociedade con posterioridade á posta en marcha da empresa realizou diversas obras de acondicionamento da súa sede social en distintos anos, cuxo importe total segundo contabilidade ascendeu a 20.462.000 pesetas. Da análise desta partida debemos reseñar o seguinte:

a) Do custo das obras de acondicionamento (20.462.000 pesetas) a sociedade só xustificou documentalmente un importe de 10.222.000 pesetas, é dicir, aproximadamente o 50%, polo que non podemos opinar do resto.

b) As obras e reformas efectuadas nos locais de aluguer onde se atopa a sede social de Gestenga, S.A. non supuxeron incremento da capacidade do edificio, nin da súa capacidade operativa ó non corresponder cunha evolución dos seus ingresos, polo que entendemos que estes gastos deberon imputarse ó exercicio no que se produciron como gastos correntes. Sen embargo a sociedade considerounos a partir do exercicio 1995, como “gastos de establecemento”, procedendo á súa amortización directa nos catro exercicios seguintes. No activo do balance de situación do exercicio 1997, o epígrafe “gastos de establecemento” reflicte un saldo de 8.320.000 pesetas, unha vez realizada a amortización correspondente dese exercicio que ascendeu a 5.116.000 pesetas.

Polo tanto, e dado que estes importes deberon considerarse como gastos correntes no

exercicio no que se xeraron, entendemos que os epígrafes do balance de situación “gastos de establecemento” e “resultados de exercicios anteriores” atópanse sobrevalorados en 8.320.000 e 13.436.000 pesetas respectivamente, mentres que o resultado do exercicio está infravalorado en 5.116.000 pesetas.

VI.1.2. O consello de administración, do 17 de xuño de 1997, tomou o acordo de participar no capital social de Sotavento Galicia, S.A., creada para a construción dun parque eólico onde se reflicten as diferentes tecnoloxías que interveñen no desenvolvemento do plano eólico de Galicia.

Gestenga, S.A. participa nun 10% do capital social, subscribindo un total de 1.000 accións de 10.000 pesetas de nominal, desembolsando o 50% (5.000.000 de pesetas). A sociedade imputa ó seu inmovilizado financeiro o desembolso realizado e non o total do valor suscrito e non esixido.

En consecuencia, tanto o inmovilizado financeiro, como a conta do pasivo “desembolso pendente sobre accións non esixidas” atópanse infravaloradas en 5.000.000 de pesetas.

VI.2. Perdas e ganancias.

Da análise das súas contas ponse de manifesto que:

VI.2.1. Atopamos erros na periodificación de ingresos e gastos, nas partidas que a continuación detallamos:

a) Gestenga, S.A. imputa como ingresos do presente exercicio o importe total dunha factura por 3.000.000 de pesetas, pola realización dos servizos de xerencia prestados pola sociedade a Pemalsa (Parque eólico de Malpica, S.A.), durante o período comprendido entre o 11 de outubro de 1996 e o 10 de xaneiro de 1997. Entendemos que en aplicación do principio de devengo, do total da factura soamente sería ingreso do ano, 326.000 pesetas, mentres o resto sería imputable ó anterior.

Polo tanto, o epígrafe “Resultados de exercicios anteriores” atópase infravalorado en 2.674.000 pesetas mentres que o de “Resultados do exercicio” está sobrevalorado no mesmo importe.

b) En reunión do consello de administración do 17 de marzo de 1998, tomouse o acordo de repartir entre os traballadores a cantidade de 1.000.000 de pesetas en concepto de prima de produtividade do exercicio 1997. Este gasto recorrente imputouse, a diferenza de anos anteriores, na súa totalidade ó exercicio 1998, cando o devengo do mesmo corresponde ó exercicio anterior.

En consecuencia, o resultado do exercicio atópase sobrevalorado e a conta do pasivo do balance de situación “remuneracións pendentes de pago” infravalorada en 1.000.000 de pesetas.

VI.2.2. Dentro do epígrafe “ingresos por subvencións de explotación” inclúese un importe de 11.400.000 pesetas relativo á firma dun convenio de colaboración entre a Consellería de Industria e Comercio da Xunta de Galicia e a sociedade, de data 17 de marzo de 1997.

a) Como xa se explicou noutro apartado deste informe, a relación existente entre ambas partes non é a propia dun convenio de colaboración para a realización dun fin, senón a dun intercambio de prestacións a través dun contrato. Polo tanto, entendemos que o importe arriba indicado debe contabilizarse como un ingreso por prestación de servizos (ventas), e non como unha subvención de explotación.

En consecuencia, os epígrafes “Importe neto cifra de negocios” atópase infravalorado e “Outros ingresos de explotación” sobrevalorado en 11.400.000 pesetas.

Por outra parte, o efecto fiscal que esto suporía, en tanto en canto non se repercutiu o IVA correspondente, podería supoñer a existencia de pasivos contingentes ou débedas coa administración tributaria.

b) Gestenga, S.A. percibiu este ingreso procedente da Consellería de Industria e Comercio a través da partida orzamentaria de transferencias de capital (capítulo VII de gastos) que figura no convenio, é dicir, a Consellería de Industria imputa como transferencias de capital unha cantidade destinada á realización de diversas actuacións que en todo caso debería supoñer un gasto corrente para a

Consellería polo que a imputación correcta encadraríase no capítulo II do orzamento.

VI.2.3. No presente exercicio fiscalizado, a sociedade imputou ó epígrafe da conta de perdas e ganancias “Indemnizacións” 1.762.000 pesetas, como consecuencia do gasto debido ó cumprimento da sentenza dictada polo xulgado do social nº1 desta cidade, relativo á demanda por despido improcedente interposta polo que foi director xerente de Gestenga, S.A. durante o período comprendido entre abril de 1995 e comezos de 1996.

Entendemos que unha vez producido o despido e dado que a sociedade coñecía a falta de conformidade do traballador cos termos de resolución do contrato, así como a interposición da demanda correspondente, Gestenga, S.A. debeu dotar xa no exercicio 1996 a correspondente provisión, máxime cando na revisión posterior ó peche do exercicio fiscalizado detectamos que durante o ano 1998 este traballador foi indemnizado novamente con 1.012.000 pesetas máis, ó resolverse ó seu favor a nova demanda interposta.

En consecuencia, as partidas contables “Resultado do exercicio anterior” atópase sobrevalorada en 2.774.000 pesetas, mentres que a de “Resultado do exercicio” e “Provisión para responsabilidades” están infravaloradas en 1.762.000 pesetas e 1.012.000 respectivamente.

VI.3. Revisión posterior ó peche do exercicio.

No traballo efectuado detectáronse as seguintes incidencias:

VI.3.1. O epígrafe “Debedores” inclúe saldos de dubidosa recuperabilidade por importe de 11.041.000 pesetas que a 31 de decembro de 1997 non se encontraban provisionados, e que á data de realización desta fiscalización continúan incobrados e sen provisionar.

Este saldo detállase no seguinte cadro explicativo:

DEBEDOR	IMPORTE	DEVENGO
Concellos varios	6.811.000	93 a 96
Concellos varios	1.196.000	1997
Industrias Pardiñas	929.000	1997
Consellería de Xustiza	667.000	1997
APEGA	1.287.000	1997

Total:	11.041.000	

En consecuencia, o axuste corrector desta incidencia suporía a minoración do epígrafe do balance de situación “debedores” e do resultado do exercicio en 11.041.000 pesetas.

VI.3.2. O epígrafe “Provisións para impostos” do pasivo do balance de situación do exercicio 97, reflicte un saldo acreedor de 2.140.337 pesetas relativo ó importe estimado de débedas tributarias correspondente ó período 1991 - 1995.

Durante o exercicio 1998, regularizouse a situación fiscal anterior, se ben o saldo final foi superior en 918.868 pesetas ó importe provisionado no seu día. Do mesmo, 223.958 pesetas refírense a un gasto imputable ó exercicio 97 e o resto ós exercicios anteriores.

En consecuencia, o epígrafe “provisións para impostos”, atópase infravalorado en 918.868 pesetas, mentres que o “resultado de exercicios anteriores” e o “resultado do exercicio” están sobrevalorados en 694.911 e 223.958 pesetas respectivamente.

VII. CONCLUSIONES.

VII.1. Control interno.

A Lei 11/1992 de réxime financeiro e orzamentario de Galicia atribúe á Intervención xeral da Comunidade Autónoma o control interno das sociedades públicas, entre as que se encontra Gestenga, S.A. Foi exercido mediante contratación externa, pola firma Álvarez e asociados, S.L., a mesma que xa realizara a auditoría financeira á sociedade, situación que é susceptible de producir conflitos de intereses, ademais dunha duplicación do gasto público.

Este control consistiu nunha revisión das áreas de vendas, debedores, así como unha revisión

parcial dos procedementos de contratación. Esta revisión limitada, non pode ser considerada como un control financeiro integral, nin ser unha auditoría das sinaladas na Lei 11/1992.

VII.2. Planificación e orzamentación.

Nos orzamentos aprobados para o exercicio 1997, non se estableceron estratexias a seguir, nin obxectivos concretos, así como indicadores que permitan cuantificar e medir a consecución dos mesmos e a valoración da xestión dos responsables da sociedade.

Ademais, non atopamos a preceptiva autorización da Consellería de Economía e Facenda, ó fin de poder incrementar os gastos de persoal, así como os investimentos financeiros habidos no exercicio, tal e como establece o artigo 83 da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia.

VII.3. Actividade da sociedade.

A principal actividade da sociedade consiste na realización de distintos traballos de enxeñería a empresas privadas do sector enerxético, que previamente foron autorizadas pola Consellería de Industria para a explotación de enerxías renovables. Polo tanto, realiza a súa actividade en situación vantaxosa, respecto de outras empresas de enxeñería do sector privado. Situación especialmente significativa no caso dos proxectos de enerxía eólica, para os que xa existe unha importante competencia na fase de explotación comercial.

A creación de empresas públicas con fins empresariais é legalmente posible, pero sempre que o seu obxecto sexa de interese público, e que no exercicio da súa actividade empresarial se someta ás mesmas regras de libre competencia que rixen no mercado, sen privilexios directos ou indirectos.

En relación ó convenio suscrito coa Consellería de Industria, parte das actividades conveniadas poden ser consideradas como propias da Consellería; e as restantes, consistentes na contraprestación de servizos por un prezo, constitúen obxecto contractual que se debe

formalizar mediante contrato axustado á Lei de contratos das administracións públicas.

Respecto á participación de Gestenga, S.A. no accionariado de outras empresas autorizadas para a explotación de parques eólicos así como a concesión de préstamos baixo a denominación de débeda subordinada, non nos parece adecuado por canto non aparece contemplada dita posibilidade no seu obxecto social, nin se realizan as axudas nun réxime de concorrencia entre os posibles beneficiarios.

A excesiva dependencia dos ingresos por prestación de servicios que tamén pode realizar o sector privado fan perigrar a continuidade das operacións de Gestenga, S.A.

VII.4. Análise da área de gastos.

Os procedementos de selección do persoal que presta servicios na sociedade, non garanten os principios de igualdade e obxectividade no trato ós aspirantes, ó non constituírse comisión algunha de selección, nin existir baremo de méritos aprobados pola sociedade, constituíndo a entrevista persoal a proba decisoria da selección.

Advírtese unha fórmula abusiva de contratación eventual ó existir distintos tipos de contratos referidos ó mesmo traballador e con idéntico obxecto. Ademais, nalgún caso, a relación contractual entre a sociedade e algúns traballadores é, de maneira continuada, superior ós tres anos. Ademais de supoñer unhas condicións de precariedade para os traballadores nunha sociedade tutelada pola administración, pode ocasionar problemas de distinto alcance no suposto de eventuais reclamacións polos traballadores.

Na contratación habida a través de empresas de traballo temporal, non xustifica a temporalidade das mesmas, senón que se fan para atender, de maneira continuada, tarefas propias da actividade da sociedade.

Nos expedientes seleccionados de bens e servicios, as adxudicacións dos contratos realízanse sen a existencia de publicidade na licitación, limitando a súa selección ás indagacións que realiza no mercado o equipo de xerencia. Esta actuación

non pode suplir a concorrencia a que se debe someter a contratación no sector público, en función ó importe contratado. A ausencia de publicidade e libre concorrencia non garante que as condicións e prezos contratados se acomoden ós de mercado, e polo tanto, que as operacións realizadas respondan a criterios de economía.

VII.5. Estados financeiros.

A sociedade, Gestenga, S.A. foi auditada pola mesma firma externa que realizou o control financeiro para a Intervención xeral, expresando unha opinión favorable sen salvidades.

Sen embargo, na nosa opinión, excepto polas salvidades indicadas no apartado VI, así como pola limitación indicada na introducción dos estados financeiros, as contas anuais do exercicio 1997 que se xuntan, expresan a imaxe axeitada do seu patrimonio, da súa situación financeira a 31 de decembro de 1997, e dos resultados das súas operacións e dos recursos obtidos e aplicados durante o exercicio anual e contén a información necesaria e suficiente para a súa interpretación e comprensión adecuada, de conformidade cos principios e normas contables xeralmente aceptadas.

VIII. MEMORANDO DE RECOMENDACIONES.

1. ELABORACIÓN DUN PROGRAMA DE ACTUACIÓN, INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO.

A. Feito detectado.-

Gestenga, S.A. non presenta o P.A.I.F. esixido en aplicación da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, obrigatorio para as sociedades públicas, no cal se detallan as actuacións, investimentos e financiamento a levar a cabo, presentando a planificación xeral da súa actividade e os obxectivos que se poden conseguir, tanto no exercicio orzamentario como nos seguintes.

B. Problema que orixina.-

B.1. Ó non especificar os obxectivos concretos da sociedade, así como os indicadores que permitan realizar avaliacións do grado de cumprimento, non poden realizarse os traballos que permitan contrastar a eficacia e eficiencia da sociedade, principios nos que se basea precisamente a súa creación.

B.2. Falta de información adecuada, encamiñada á toma de decisións pola sociedade que permitan corrixir no transcurso do exercicio as desviacións producidas.

C. Recomendación.-

A sociedade deberá elaborar anualmente un programa de actuacións, investimentos e financiamento que conteña a planificación xeral da súa actividade a un nivel de agregación adecuado que permita apreciar os obxectivos que vai a conseguir a medio prazo, e no ano económico correspondente ó exercicio orzamentado. Xunto ós obxectivos fixaranse os indicadores que permitan valorar o nivel de execución de aqueles, así como o grado de realización dos programas e dos recursos da sociedade.

2. REORIENTACIÓN DAS ACTIVIDADES DA SOCIEDADE.

A. Feito detectado.-

A principal actividade realizada pola sociedade e fonte de ingresos consiste na realización de distintos proxectos de enxeñería e dirección de obras, para empresas privadas, que previamente foron autorizadas para a explotación dalgunha fonte de enerxía renovable pola Consellería de Industria e Comercio.

B. Problema que orixina.-

Excesiva dependencia de ingresos necesarios para a continuidade da sociedade procedentes de traballos a empresas relacionadas coa administración autonómica, que non garante a continuidade da súa actividade posto que a mesma a ofrece o mercado.

C. Recomendación.-

Reconsiderar a estratexia a seguir relativa á viabilidade a longo prazo da empresa, potenciando a prestación de servizos de investigación, xestión e racionalización de enerxías renovables de calquera tipo, participando nos distintos proxectos europeos, nacionais e autonómicos desta índole, minimizando a actual dependencia do sector privado.

3. CONVENIO PARA A PRESTACIÓN DE SERVICIOS.

A. Feito detectado.-

A Consellería de Industria e Comercio, subscribe un convenio de colaboración con Gestenga, S.A. a fin de que esta lle preste distintos servizos técnicos necesarios para realizar as políticas enerxéticas e de protección do medio ambiente, obxectivos da Xunta de Galicia, tales como:

- Coordinación e control dos planos eólicos estratéxicos aprobados pola Consellería de Industria e Comercio.
- Análise técnica de proxectos de carácter enerxético presentados á Consellería de Industria e Comercio da Xunta de Galicia.

B. Problema que orixina.-

B.1. O convenio celebrado entre a Consellería de Industria e Comercio, e Gestenga, S.A. non é encadrable dentro da figura convencional. Polo contrario, estamos ante un intercambio de prestacións por un prezo, sendo a relación existente de carácter contractual. Se está elaborando baixo esta modalidade un mero contrato administrativo de prestación de servizos, respecto ó cal a sociedade resulta adxudicataria sen someterse ós principios de contratación pública.

B.2. Posible continxencia fiscal, se non efectúan facturación polos servizos prestados co seu IVA correspondente.

C. Recomendación.-

Gestenga, S.A. deberá instrumentar estas prestacións de servicios a través de contratos e non de convenios de colaboración, con tódalas esixencias contables e fiscais que o réxime contractual demanda.

4. PROCESO DE SELECCIÓN DO PERSOAL.

A. Feito detectado.-

Os procedementos de selección de persoal laboral, xa sexa fixo ou temporal, presentan carencias en relación a garantir os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade da convocatoria. Non existe unha comisión de selección, nin baremo de méritos aprobados pola Sociedade.

B. Problema que orixina.-

Vulneración dos procedementos esixidos para a contratación de persoal nunha sociedade xurdida ó amparo da Administración Pública. Esta situación agrávase, ó realizar as contratacións con carácter de indefinido.

C. Recomendación.-

Tratar de establecer procedementos de selección de persoal que garantan os principios de publicidade e obxectividade no acceso ós postos de traballo na empresa pública, tratando incluso de valorar de xeito razoable o traballo anteriormente desenvolvido polos aspirantes no acceso á condición de persoal laboral fixo.

5. CONTRATACIÓN DE SERVICIOS.

A. Feito detectado.-

Na maioría das contratacións seleccionadas detéctase a non existencia de publicidade e concorrancia que pola súa contía é esixible para procesos de contratación a realizar polas sociedades públicas.

Estanse utilizando traballadores cedidos por empresas de traballo temporal para a realización de tarefas técnicas, propias da actividade a

desenvolver pola sociedade, que non obedecen a auténticas necesidades temporais.

B. Problema que orixina.-

B.1. Non sometemento da actividade contractual da sociedade ós principios de publicidade e concorrancia que recolle a Disposición Adicional 6ª da Lei de Contratos das Administracións Públicas para a contratación no sector público.

B.2. Ineficiencia no gasto por contratar con empresas externas, servicios de colocación que facilita a Administración gratuitamente, a través de organismos como o INEM, ou o Servicio Galego de Colocación.

C. Recomendacións.-

C.1. Utilizar procedementos de contratación de servicios e subministros que garantan os principios de publicidade, concorrancia e obxectividade, ou deixar constancia documental da inadecuación destes principios para a economicidade de determinadas operacións, de se-lo caso.

C.2. Utilizar os servicios de colocación da administración para cubrir as substitucións laborais contempladas nos supostos legais subscribindo o correspondente contrato no que se detalle o carácter da contratación, os servicios a prestar e as causas que o motivan.

6. CONTABILIZACIÓN INADECUADA DE DETERMINADOS GASTOS.

A. Feito detectado.-

A sociedade contabiliza como gastos de establecemento as reformas ou adecuacións habidas no edificio que utiliza para a realización das súas actividades, que ten contratado en réxime de aluguer. Tales reformas non supoñen aumento da capacidade do edificio nin da capacidade operativa da sociedade.

B. Problema que orixina.-

B.1. Distorsión das contas anuais, ó non ofrecer o balance de situación información correcta relativa ó valor contable do seu activo.

B.2. Á súa vez Gestenga, S.A. practica anualmente amortizacións dun gasto que foi realizado nun ano determinado.

C. Recomendación.-

Extremar o principio de prudencia adaptando as contas anuais ó estipulado no Plano Xeral de Contabilidade, considerando como gasto do exercicio as reformas efectuadas no local, que non supoñan maior valor do mesmo.

7. *PROVISIONAR SALDOS DE DUBIDOSA COBRABILIDADE.*

A. Feito detectado.-

O epígrafe “debedores” do activo do balance de situación adxunto, inclúe saldos de dubidosa recuperabilidade por importe de 11.041.000 pesetas, que non estaban provisionados a 31 de decembro de 1997 e que á data de redacción deste informe aínda non foran recuperados.

B. Problema que orixina.-

Distorsión da información que subministra o balance de situación e a conta de perdas e ganancias da sociedade, que non reflicten a situación real do resultado das operacións do exercicio, e da súa estrutura patrimonial.

C. Recomendación.-

A sociedade deberá cifrar un importe real de provisión, ó finalizar o exercicio, mediante unha estimación global do risco de fallidos existente nos saldos de clientes e debedores.

8. *INVENTARIO FÍSICO DO INMOBILIZADO DO ACTIVO DA SOCIEDADE.*

A. Feito detectado.-

Gestenga, S.A. non dispón dun inventario detallado dos bens que forman parte do seu

inmovilizado, nin dunha maioría das facturas de adquisición dos mesmos, desde a data de creación ata o 31 de decembro de 1994.

B. Problema que orixina.-

B.1. Deficiente control interno respecto á salvagarda dos activos. Se non existe un inventario detallado, non é posible comprobar a existencia dos bens que constitúen este inmovilizado, a súa situación, estado de uso, etc.

B.2. Polo motivo anterior, non é posible determinar o correcto valor contable das partidas relacionadas co inmovilizado: custe, amortización e correccións valorativas.

C. Recomendacións.-

C.1. O inventario do inmovilizado debe estar valorado na medida que sexa posible, a prezo de custo, debendo recoller as modificacións producidas no exercicio, é dicir, debe indicar o saldo inicial, as altas e baixas e o saldo final.

C.2. A descrición dos bens do inventario debe incluír información sobre a súa situación, de maneira que posibilite a súa inspección física.

Así mesmo deberanse efectuar controles de inspección física de inventario, en dous sentidos: comprobar que os bens do inventario están fisicamente na sociedade, e verificar que os bens seleccionados fisicamente se inclúen no inventario.

C.3. O inventario de bens debe ser coñecido polos responsables das direccións técnicas co fin de que sexan coñecidas as disponibilidades de bens da sociedade e poida efectuarse unha utilización eficaz e racional.

9. *PERIODIFICACIÓN DAS INDEMNIZACIÓNS POR DESPIDOS.*

A. Feito detectado.-

No traballo de fiscalización realizado, así como a revisión posterior ó peche do exercicio auditado, detectamos o pago de indemnizacións a

dous traballadores da sociedade por extinción dos contratos existentes por vontade da mesma, e para os que non existía provisión algunha.

O importe das indemnizacións por despido están en función, ademais doutros baremos, do tempo de permanencia do traballador na sociedade, polo que o seu devengo non se produce no momento do despido, senón durante a vixencia da relación laboral do traballador coa sociedade. En consecuencia Gestenga, S.A. debería dotar anualmente, con cargo ós resultados de cada exercicio a provisión necesaria para cubrir as posibles indemnizacións futuras.

B. Problema que orixina.-

Distorsión do balance de situación e conta de perdas e ganancias da sociedade, que non reflicten a situación real do resultado das operacións anuais e da estrutura patrimonial.

C. Recomendación.-

Dotar anualmente a provisión necesaria para cubrir as indemnizacións que previsiblemente se produzan no futuro.

10. DUPLICIDADE ADMINISTRATIVA FUNCIONAL.

A. Feito detectado.-

Por Lei 3/1999 de 11 de marzo creouse o Instituto Enerxético de Galicia coa finalidade de fomentar, impulsar e racionalizar o uso da enerxía, e de elaborar iniciativas para o estudo e apoio das tecnoloxías enerxéticas, incluídas as renovables.

Á súa vez, as funcións de tutela que viña desempeñando a Consellería de Industria e Comercio con relación a seis sociedades, entre as que figura Gestenga, S.A., serán desempeñadas no futuro polo Instituto.

B. Problema que orixina.-

Proliferación de entes instrumentais, e duplicidade administrativa ó reflectir unha identidade de funcións entre as dúas entidades promovidas e tuteladas pola administración.

C. Recomendación.-

Simplificar e racionalizar os entes instrumentais existentes, creados para a execución de funcións relativas á actividade enerxética autonómica, procurando que se xustifique a súa organización e desenvolvemento en réxime de descentralización funcional.

**CONTAS ANUAIS DO EXERCICIO 1997 CORRIXIDAS COS AXUSTES E RECLASIFICACIÓNS
PROPOSTOS POLO CONSELLO DE CONTAS.**

GALICIA CALIDADE, S.A. BALANCE DE SITUACIÓN EJERCICIO 1997		Efecto de las salvedades cuantificables en la opinión de auditoría					GALICIA CALIDADE, S.A. BALANCE DE SITUACIÓN EJERCICIO 1997	
ACTIVO		Párrafo 5.1.a	Párrafo 5.2	Párrafo 5.3.a	Párrafo 5.3.b	Párrafo 5.6	Total Ajustes	Saldo a 31.12.97
B) Inmovilizado								
Gastos de establecimiento	350						0	350
Inmovilizaciones materiales	5.858	(2.416)					(2.416)	3.442
Inmovilizaciones financieras	314						0	314
D) Activo circulante								
Deudores	36.103			(2.832)			(2.832)	33.271
Inversiones financ. Temporales	10						0	10
Tesorería	46.302						0	46.302
Ajustes por periodificación	19.750				(19.750)		(19.750)	0
TOTAL ACTIVO.....	108.687						(24.998)	83.689
PASIVO								
A) Fondos propios								
Capital suscrito	50.000						0	50.000
Resultado ejercicios anteriores	(5.661)	(657)	(2.466)	(2.832)			(5.955)	(11.616)
Resultado ejercicio	9.878	(31.199)	50			(336)	(51.235)	(41.357)
Aportaciones socios comp. pérdidas	0	63.637					63.637	63.637
B) Ingr. a distrib. en varios ejerc.	35.176	(31.781)					(31.781)	3.395
E) Acreedores a corto plazo	19.294					336	336	19.630
TOTAL PASIVO.....	108.687						(24.998)	83.689

GALICIA CALIDADE, S.A. CUENTA DE PÉRDIDAS Y GANANCIAS EXERCICIO 1997		Efecto de las salvedades cuantificables en la opinión de auditoría							GALICIA CALIDADE, S.A. CUENTA DE PÉRDIDAS Y GANANCIAS EXERCICIO 1997 Corregida con ajustes de auditoría	
GASTOS	Miles de Pesetas	Párrafo 5.1.a	Párrafo 5.2	Párrafo 5.3.b	Párrafo 5.4.b	Párrafo 5.5	Párrafo 5.6	Total Ajustes	GASTOS	Miles de Pesetas
Consumos de explotación	1.926					(1.926)		(1.926)	Consumos de explotación	0
Gastos de personal	13.653						209	209	Gastos de personal	13.862
Sueldos y salarios	5.767						127	127	Sueldos y salarios	5.894
Cargas sociales									Cargas sociales	
Dotación amortiz. Inmov.	743		(50)					(50)	Dotación amortiz. Inmov.	693
Otros gastos explotación	57.748			19.750	17.900	1.926		39.576	Otros gastos explotación	97.324
Gastos extraordinarios	45							0	Gastos extraordinarios	45
Impuesto sobre sociedades	3.807							0	Impuesto sobre sociedades	3.807
TOTAL GASTOS	83.689							37.936	TOTAL GASTOS	121.625
INGRESOS									INGRESOS	
Ingresos de explotación	25.949								Ingresos de explotación	43.849
Importe neto cifra neg.	35.000				17.900			17.900	Importe neto cifra neg.	35.000
Otros ingresos explot.								0	Otros ingresos explot.	844
Ingresos financieros	844							0	Ingresos financieros	844
Subv. de capital transf. a ejerc.	31.773	(31.199)						(31.199)	Subv. de capital transf. a ejerc.	574
TOTAL INGRESOS	93.566							(13.299)	TOTAL INGRESOS	80.267
RESULTADO (Beneficio)	9.877							(51.235)	RESULTADO (Pérdida)	(41.358)